



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 16 de abril de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16 de abril de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09/04/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1539

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sigaltec, S.L.** para o subministro de material para facer dous pasamáns para a escaleira de acceso a praia canina en Vilaxoán, por un importe total de 758,38€ (IVE incluído), con cargo á partida 311-22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal, así como remitir a partir do 1 de abril de 2018, a factura electrónica o Concello a través de FACE.

Acórdase así mesmo poñer en coñecemento de Portos de Galicia a instalación do devandito pasamáns.

PRP2018/1540

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o rozamento presentado por **REMOL-CAR JUAN BARREIRO SL** para o subministro de arcos con lona para o vehículo matrícula 1055BBS adscrito ao Departamento de Mellora Rural, por un importe total de 726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/1541

Dáse conta de escrito presentado por D. Javier Alvelo Fraguela, en nome de **Aromon Pontevedra Montañeiros A Roelo**, solicitando autorización para a celebración da proba deportiva denominada “PonteOriBike 2018” (Campionato de España e Campionato Ibérico feminino de orientación en bicicleta de montaña), o día 28 de abril de 2018, en Monte Xiabre, así como a colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil e a autorización para poder utilizar as instalacións de vestiarios e duchas do Pavillón de Fontecarmoa.

Dáse conta do informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás condicións sinaladas no informe da FPSDM, do que se achega copia, e:

- Deberá contar cun seguro de responsabilidade civil e póliza de seguros de sinistros para todos os participantes da devandita actividade.
- Deberá poñerse en contacto co Servizo da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias, Servizo de Alumeado Público e Protección Civil aos efectos oportunos.

PRP2018/1544

Dáse conta do escrito presentado pola **Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés**, solicitando a realización dunha acción conxunta co Concello de Vilagarcía de Arousa para mellorar a seguridade do acceso ao Hospital Comarcal do Salnés:

. O Concello a execución da mellora do sistema de iluminación no viario de acceso ao hospital, así como no aparcadoiro de uso público ubicado na parcela oeste contigua ao mesmo e a execución dun novo paso de peóns dende o citado aparcadeiro cruzando o viario municipal ata o bordo da parcela.

. O Hospital executaría a partir do paso de peóns un viario peonil integrado no entorno que a través da parcela oeste ata os laterais do centro hospitalario.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación do paso de peóns para acceder á entrada principal do Hospital, o que conlevará a supresión das prazas de estacionamento anteriores ao paso para mellorar a visibilidade do mesmo.

PRP2018/1547

Dáse conta do escrito presentado por **Asociación Amencer ASPACE**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa e bicicletas adaptadas o día 21 de abril de 2018, de 11:30 horas a 13:30 horas na Praza de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2018/1548

Dáse conta do escrito presentado por **Asociación Nos de Sobradelo**, solicitando autorización para ocupación da Praza de Galicia o día 21 de maio, ás 20:00 horas con motivo da celebración do XII Festival da AC Nós de Sobradelo, así como a colaboración municipal coa cesión de diverso material (palco, equipo de son, mesas, cadeiras, haimas) etc.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Acórdase así mesmo autorizarlle para a utilización dos vestiarios do Auditorio Municipal, debendo poñerse en contacto co Departamento de Cultura aos efectos de dispoñibilidade do Salón de Actos do Auditorio, para a súa utilización en caso de choive.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Servizo de Alumeado Público e Policía Local.

PRP2018/1549

Dáse conta de proposta de resolución do expediente sancionador incoado polo Servizo Provincial de Costas en Pontevedra ao Concello de Vilagarcía de Arousa por asfaltado de DPMT sen autorización en O Castelete, impondo unha sanción de 500,00 € pola citada infracción e requirindo así mesmo a retirada dos materiais vertidos sobre o dominio público marítimo terrestre, devolvendo o terreo ao seu estado primitivo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obrigaación a favor do Servizo Provincial de Costas por importe de 500,00 € con cargo á partida 929.22699 e que se proceda polo Servizo Municipal de Obras á retirada dos materiais vertidos.

PRP2018/1552

Dáse conta de informe da Policía Local en relación cos problemas de manobrabilidade na saída do vao nº 1404 na Rúa Eduardo Pondal nº 4, debido ao estacionamento nas proximidades así como ao ancho da Rúa polos estacionamentos na marxe contraria e indicando que sería aconsellable instalar algún elemento físico que evite esta situación, como pode ser o estacionamento de ciclos ou motocicletas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda a estudar a solución proposta.

Dar conta á Policía Local.

PRP2018/1622

Dáse conta do escrito remitido por D. Oscar Rial Lastres, Presidente da **Asociación Unión Musical de Meaño**, solicitando a cesión de tarimas para o día 29 de abril, con motivo da celebración do XXVII Festival de Bandas de Meaño.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a cesión do material solicitado, condicionada á dispoñibilidade das mesmas para o día indicado.



Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2018/1641

Vista a proposta do Encargado Xefe do Servizo de Alumeado Público, Mantemento e Auditorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas, S.L.** para o subministro de 1.000 litros de gasóleo C para a calefacción do EEI Vagalume, por un importe total de 720,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL
Benestar Social

PRP2018/1580

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Arelar Xestión Socioeducativa SL** para o desenvolvemento do Proxecto de prevención do ciberacoso e o bo uso das TIC'S, por un importe total de 9.974,85 €, con cargo á partida 231.22643. (Proxecto 3 nº 01/17/18).

Así mesmo faise constar que está solicitada á Deputación Provincial unha subvención para a citada actividade por un importe de 3.000 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS
Educación

PRP2018/1581

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Crespo Gómez**, para as actuacións de deseño gráfico e comunicación de todo o material publicitario, soportes informativos, promocionais e elementos decorativos do Festival Internacional de Música Clasclas, que terá lugar entre o 28 de xuño e o 7 de xullo de 2018, por un importe total de 907,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706, debido á imposibilidade da Área de Comunicación de atender esta tarefa pola sobrecarga de traballo, pero aínda así supervisarán o traballo realizado e imprimarán todo o material necesario.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1582

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por **D Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1.179,75 € (IVE incluído).



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1583

Dáse conta de resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 23 de marzo de 2018, pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de novembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, pola que se conceden ao Concello de Vilagarcía as seguintes:

- Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego: 2.626,66 €
- Programa B. Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas: 5.775,58 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1584

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Juan José Pintos Silva** para mantemento da páxina web da Escola Municipal de Música durante o ano 2018, por un importe de 181,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/1590

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o prazo de presentación de solicitudes para o Campamento Urbano de Verán 2018 debido á existencia de prazas vacantes, que se vai a levar a cabo no CEIP A Escardia. O prazo de presentación de solicitudes será do 17 ao 25 de abril de 2018.

Normalización Lingüística

PRP2018/1591

Dáse conta da publicación no DOG nº 63, do 2 de abril de 2018, da Orde do 16 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención con aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde, para:

- Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

PRP2018/1592



Dáse conta de comunicación da **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, de concesión dunha subvención, por importe de 4.373,00 € para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística (ano 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1593

Dáse conta de concesión pola Deputación Provincial de Pontevedra dunha subvención por importe de 7.799,79€ para o “Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística” (ano 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/1594

Vista a solicitude de D. Daniel Abad Gómez, como Secretario da **Asociación Pésdebarro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os mercores, dende o 21 de marzo ata o 27 de xuño, en horario de 19:30 a 22:00 horas, para a celebración dun curso de percusión tradicional e pandeireta, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/1595

Vista a solicitude de D. Manuel Vázquez Martínez, en representación da **Coral de Sobradelo** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 16 de xuño de 2018, durante todo o día, para a celebración dunha actividade cultural “Intercambio Coral – Primavera 2018”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).



PRP2018/1596

Vista a solicitude de D. Pablo Vigo Cascallar, en representación de **Asociación Banda Unión Musical de Meaño**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 16 e 17 de novembro de 2018, durante todo o día, para a celebración dun concerto a cargo da Banda de Música de Meaño, cun prezo de entrada de 10 €, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón de Actos do Auditorio: 2 días, a 264,70 €/día: 529,40 €
- Responsable de Sala: (10 h (estimativas), a 10,20 €/hora: 102,00 €
- Persoal de Taquilla: 4 hr.x 2= 8 horas, a 10,20 €/hora: 81,60 €
- Auxiliar técnico: 4 hr. (estimativas), a 10,20 €/hora: 40,80 €

TOTAL: 753,80 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/1597

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Alfonsín Rey, en representación de **AA.VV. San Miguel de Trabanca Badiña**, comunicando as deficiencias existentes no Centro Cultural e solicitando a súa subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1600

Dáse conta de escrito presentado por Dona Julia M^a Barcala Corral, en representación da **Asociación Cultural Xeada**, solicitando a colaboración municipal coa impresión de 100 carteis con motivo da celebración do 18^a Edición do Festival Folclórico "Xeada" que se levará a cabo o vindeiro día 7 de xullo de 2018 na Carballeira dos Borrizos en Cornazo.

A Xunta de Goberno Local acorda a impresión de 50 carteis para a citada actividade.

Dar conta á Área de Comunicación.

PRP2018/1602

Vista a solicitude de **Comisión de Festas Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Cibrán en Sobradelo o vindeiro día 21 de maio de 2018:

- Actuación da Coral de Sobradelo, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/1603

Vista a solicitude de **Comisión de Festas Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carne en Sobradelo o vindeiro día 21 de xullo de 2018:

- Actuación da Coral de Sobradelo, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/1604

Vista a solicitude de **Dona Manuela Ferreirós Robado**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Corpus na Parroquia de San Martín de Sobrán o vindeiro día 3 de xuño de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/1606

Vista a solicitude de D. Ricardo García Mauricio, en representación da **Asociación Cultural D'VUENA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 4, 5 e 6 de maio de 2018, con motivo do espectáculo de Fin de Curso de Animación sociocultural Nydia "XI Mostra Nydia", coa representación do Musical "Historias do Moulin Rouge", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a impresión de cartelería e entradas numeradas.

Autorízase a gravación da actividade, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá contar coa autorización das/dos intérpretes tanto para a gravación como para a súa posible emisión ou difusión audiovisual.

- Será responsabilidade da entidade solicitante a obtención de calquera outra licenza que sexa preceptiva, así como o aboamento dos dereitos que correspondan a terceiras persoas pola gravación e posible emisión do acto.

Deberá aportar previamente póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

. *O prezo das entradas será de 3 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora*

PRP2018/1608

Vista a solicitude de D. Francisco Javier Marqués Solla , e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, os días 4 e 18 de abril e 2, 16, 30 de maio, a partir das 21:00 horas, para a celebración de cinco proxeccións, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a impresión de panel e 40 carteis (20 para a programación de cada mes) e un panel de sandwich.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2018/1609

Vista a solicitude de D. Juan Manuel Lameiro Barreiro, en representación da **Asociación Galega de Linfedema**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 2 de xuño de 2018, para a celebración dunha asemblea xeral de COGAMI, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/1612

Dáse conta da modificación de datas para a celebración de Regatas de Bateis, organizada polo Club de Remo Vilaxoán, para a que lle foi concedida a actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por importe de 225,00 €, estando prevista realizarse o día 29 de marzo e pasando a celebrarse o día 14 de abril de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda cambiar a data da actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, nas mesmas condicións fixadas no acordo de Xunta de Goberno Local de 19 de marzo de 2018.



ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/1614

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico da obra denominada “Reparación con substitución de material de cobertura e dotación de portais en edificio de emerxencias”, redactado polo Arquitecto Técnico D. José M. Millán Armas, cun importe (IVE excluído), de 47.144,69 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.900,38 €, o que totaliza un importe de licitación de 57.045,07 € (IVE engadido) e supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal, quedando pendente a autorización do gasto correspondente.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.